

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	MATEMÁTICAS	Páx	1ª
Curso / Ciclo	5º Primaria		
Profesor/a			

CONTIDOS**(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)****1ª avaliación**

- Sistema de numeración decimal. Operacións con números naturais.
- Números romanos.
- Os millóns.
- Composición e descomposición de números.
- Suma, resta e multiplicación de números naturais. Problemas.
- División exacta e enteira de números naturais. Problemas.
- Múltiplos e divisores.
- Fraccións: termos, lectura e escritura.
- Suma e resta de fraccións. Problemas.

2ª avaliación

- Fracciones equivalentes.
- Números decimais. Operacións e problemas.
- Porcentaxes. Problemas.
- Medidas de lonxitude, capacidade e peso. Problemas.

3ª avaliación

- Figuras planas. Recoñecer, clasificar
- Ángulos :trazado, medida
- Áreas de figuras planas. Medidas de superficie. Problemas
- O tempo e o diñeiro. Unidades .Problemas
- Probabilidade e estatística. Cálculo. Problemas

OBXECTIVOS

(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª avaliación

- Ler, escribir e decompoñer números naturais. Operacións cos mesmos.
- Ler e escribir números romanos.
- Resolver divisións exactas e enteiras de números naturais.
- Resolver situacións de suma, resta, multiplicación e división, facer estimacións e comprobar resultados.
- Valorar a utilidade das matemáticas na vida diaria.
- ler, escribir e comparar fraccións. Facer operacións e problemas con fraccións

2ª avaliación

- Ler, escribir e comparar n^{os} decimais. Facer operacións cos mesmos. Problemas.
- Coñecer, aplicar e calcular porcentaxes.
- Presentar de forma clara, limpa e ordenada os cálculos, os gráficos...
- Recoñecer e utilizar as unidades de lonxitude, capacidade, masa e superficie. Problemas.

3ª avaliación

- Medir, trazar, definir e identificar ángulos.
- Recoñecer os múltiplos e submúltiplos.
- Clasificar e calcular áreas de figuras planas.
- Sentir curiosidade e interese por coñecer as relacións numéricas e xeométricas
- Mostrar interese polas situacións lúdicas das matemáticas e por colaborar cos demais nas actividades colectivas.
- Resolver problemas con unidades de tempo e diñeiro.

METODOLOXÍA

- Activa que favoreza a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo.
- A linguaxe utilizada ha de ser clara e sinxela e unha boa gradación das actividades para que aparezan en último lugar as que requiran maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación sera:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que se achega ao alumno-a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos.
- **Inicial**, proporciona datos do punto de partida de cada alumno, e información sobre os coñecementos previos.

Instrumentos a utilizar: a observación directa con saída ao encerado, traballo no caderno de clase, en fichas elaboradas pola profesora e controis escritos.